

Procedimiento selectivo para el ingreso y acceso al Cuerpo de Profesores de Escuelas Oficiales de Idiomas

Resolución de 11 de marzo de 2020 (BOCM de 24 de marzo) y Resolución de 20 de enero de 2021 (BOCM de 26 de enero) de la Dirección General de Recursos Humanos

Especialidad: GALLEGO

Primera parte

Parte A-Prueba práctica

1. Análise do texto

BALBINA DA FURCADA

Cunqueiro, Álvaro (1979). *Os outros feirantes* (2013, 3ª ed.). Vigo. Galaxia (Páxs. 179-182).
Texto acurtado.

- 1 Os da Furcada eran fanegueiros, e Balbina unha rapaza mui fermosa dentro de ser
2 morena, e mui pretendida polo mocerío da parroquia e aínda se dixo que tivera noivos
3 forasteiros, cos que se escribía. Pro á hora de ir a vodas, a todos lles atopaba algunha
4 chata. Foron pasando os anos e ela seguía solteira. Engordara un pouco, pro aínda
5 conservaba a viveza do mirar, a boca fresca con todos os dentes, e a pel limpa que
6 non había outra. Vivía soia. Pro muitas veces ao ano, iba pasar unha semán cunha
7 irmá. E foi vindo da casa dunha irmá pra a súa, cando pasou o que vou contar.
- 8 Cruzando pola chousa, veulle de repente un apreto do ventre, cunha door mui forte que
9 iba e viña; tremaba como unha vara verde, e mareábase, que parecía bailar todo ao
10 seu arredor, os amieiros e os carballos da chousa. Arrimouse como puido a un carballo,
11 e iba a sentarse no chan, cando lle apremiou algo nas partes e dou un berro.
- 12 Balbina puxera un ovo. Un ovo de galiña propriamente, mui branco, máis redondo que
13 ovalado. Descansou algo, pasáronlle as doores, envolveu o ovo no delantal e foise
14 correndo pra a súa casa. Meteu o ovo na arca, entre o centeo. ¿Como podía ser
15 aquilo? ¿Sería cousa de meiguice? Fora o que fora, Balbina seguiu poñendo ovos.
16 Puxo doce. Pasáralle o susto de cando puxo o primeiro, e ademais agora non lle doía a
17 posta. E cáseque sin decatarse, ollaba pra os ovos con tenrura, aloumiñábaos, e a
18 algún bicouno. Aos poucos días de poñer o derradeiro, decatouse de que unha galiña
19 que tiña, cincenta, andaba choca. Colleu os doce ovos e deitou á choca con eles. Aos
20 vinte e un días, houbo pitos. Eran uns pitiños amarelos, agás un que era colorado vivo.
21 A choca era mui sosegada e criou mui ben a larada. Os pitos medraban, e como
22 pasara un temporal de choivas, Balbina ceibaba a galiña e mailos pitos pola eira.
- 23 Pro unha noite, cando xa se metera na cama, veulle ao maxín que si dos ovos que ela
24 puxera saíran pitos, era que ela fora galeada. ¿Por quen, cando, onde? Non pegou ollo
25 en toda a noite. Buscaba o estar soia pra seguir matinando no choio, e non ousaba
26 comentar o caso con ninguén. ¡Mira que galeada sin decatarse! A verdade era que
27 nunca pasara a maiores con home ningún, muito menos cun galo. Soio de pensar en
28 que puidera haber tido un galo derriba, dáballe a risa.
- 29 De toda a larada non saíra nin unha soia galiña, que todos eran polos. Medraban,
30 engordaban e estaban mui lucidos, e o roxiño era agora un galiño roxo, mui peleador.
- 31 Balbina decidiu probar co señor cura, e un domingo levoulle dous polos de regalo.
- 32 Balbina seguiu regalando, ás irmáns, a un parente xastre, ao muiñeiro, e ela mesma
33 fixo unha empanada de polo, co polo roxo, pra ir á romería de San Cristobo cos
34 sobriños pequenos. A empanada estaba mui boa, pro á Balbina doulle non sei qué de

35 noxo e de medo, e púxoselle un escrúpulo, que ao fin e ao cabo os ovos de onde
36 saíran os pitos puxéraos ela. Soio comeu pan, e deixoulles aos sobriños todas as
37 talladas. O escrúpulo nona deixaba dormir. ¿Como se atrevera a matar os polos, a
38 dalos de comer a outros? ¡Eran como fillos de seu! Choraba e dábase golpes de peito
39 esta doña Medea da Furcada. E pra máis, entrálle o devezo de poñer máis ovos, non
40 soio por poñelos, senón por estar atente a quen viñera a galeala. Un día, cando
41 acababa de beber unha cunca de leite, sentiu algo raro na boca, e cuspiu: era unha
42 pluma colorada, unha pluma de galo. ¡A ver si resultaba que tiña ao galeador dentro do
43 corpo! Sentir non sentía nada de corpo, pro poñíase unha como gracia na alma, e sin
44 telo visto nunca, xa estaba como namorada do galeador. A Balbina, convencida de que
45 tiña un galo no corpo, quería velo. Enchía a man de grans de trigo ou de maíz, e
46 levábaa a entre as pernas, ou á altura da boca:

47 - ¡Anda, meu roxiño, amigo, aquí tes a merenda!

48 Pro ao galo de dentro do corpo de Balbina non lle non apetecía nada, nin xiquer unha
49 sopa de leite con azucre, nin unha leituga, nin fabas doces. Balbina cos desaires que
50 lle facía o galeador, envellecía.

51 - ¡Come, meu amigo!

52 E o amigo non comía nada, nin se amosaba.

53 Así pasou un ano. Unha mañán de maio Balbina arrimouse ao palleiro, sempre na man
54 dereita uns grans de trigo, e adormeceu. Ao despertar mirou arredor, que se
55 esquencera de ónde estaba, e veu, mesmo a carón dos seus pés, un ovo. Era a posta
56 dunha galiña voandeira, desas que non queren niño, e poñen onde lles cadra. ¡Un ovo
57 branco, como os que puxera ela! ¿El nono poñería agora, quizabes non sentindo nada
58 porque estaba dormida? Si, era un ovo dela, igoal aos que puxera noutrora. Colleuno
59 con muito medo e muito amor.

60 - ¡Meu filliño! ¡Meu caravel!

61 Bicaba no ovo, aloumiñábao, rozábao contra a meixela. Cantáballe:

62 *Miña nai, miña naiciña,*
63 *como miña nai ningunha,*
64 *que me quentaba a cariña*
65 *co calorciño da súa...*

66 - ¡Anda –decíalle ao ovo–, que ha de vir teu pai a verte! ¡Miña cousiña linda!

67 Pro tanto levou Balbina o ovo aos beizos, ás meixelas, ao peito, que o rompeu. Era un
68 ovo de casca lixeira, pro tamén as amosas de amor foran moitas. Rompeu o ovo e
69 baleirouse polas mans e pola cara de Balbina.

70 E Balbina morreu alí mesmo, a carón do palleiro.

Responda as cuestións sobre o texto que aparecen a seguir:

1. Análise do texto (tipo e xénero textual; funcións comunicativas, principais e secundarias).
2. Sinale os recursos estilísticos máis salientábeis que aparecen no texto.
3. Dende que linguas nos chegan os seguintes vocábulos? (Os nomes danse en singular e os verbos en infinitivo):
 - 1) Morena [L2]
 - 2) Forasteiro [L3]
 - 3) Fresca [L5]
 - 4) Arrimar [L10]
 - 5) Branco [L12]
 - 6) Regalar [L32]
 - 7) Sopa [L49]
 - 8) Azucre [L49]
 - 9) Beizo [L67]
 - 10) Baleirar [L69]
4. Cite algunhas frases feitas ou expresións nas que figure a palabra (os nomes danse en singular e os verbos en infinitivo):
 - 1) Dente [L5]
 - 2) Forte [L8]
 - 3) Meter [L14]
 - 4) Olo [L24]
 - 5) Chorar [L38]
 - 6) Poñer [L39]
 - 7) Man [L45]
 - 8) Pé [L55]
 - 9) Cara (cariña) [L64]
5. No texto aparece a forma *derriba* [L28]. Explique as diferenzas entre as formas *arriba*, *derriba*, *encima* e *enriba*.
6. Na L48 aparece a seguinte oración: *Pro ao galo de dentro do corpo de Balbina non lle non apetecía nada*. Explique a construción na que vai o pronome persoal

átono. Que limitacións de uso ten este tipo de construción? Comente a súa vixencia actual.

7. Na L53 aparece o termo *maio*. Como explicaría nunha clase as distintas denominacións dos meses do ano en galego?
8. Na L57 atopamos a seguinte oración: *¿El nono poñería agora, quizabes non sentindo nada porque estaba dormida?* Explique a forma *el* e dea todos os valores que pode ter este tipo de *el* no galego.

Procedimiento selectivo para el ingreso y acceso al Cuerpo de Profesores de Escuelas Oficiales de Idiomas

Resolución de 11 de marzo de 2020 (BOCM de 24 de marzo) y Resolución de 20 de enero de 2021 (BOCM de 26 de enero) de la Dirección General de Recursos Humanos

Especialidad: GALLEGO

Segunda parte
Parte A-Prueba práctica

Proba práctica – Parte A – 2ª parte	Duración	Puntuación
2. Exercicio a partir dun Audio	50 minutos	3 puntos

Vai ouvir unha gravación dúas veces.

Despois de ouvir a gravación:

1. Faga un resumo da información que contén o audio (aproximadamente 200 palabras).
2. Saliente os trazos dialectais e as peculiaridades lingüísticas máis significativas das persoas entrevistadas.

Fonte: [Desde o mar - YouTube](#) (Xunta de Galicia). Audio acurtado.

Procedimiento selectivo para el ingreso y acceso al Cuerpo de Profesores de Escuelas Oficiales de Idiomas

Resolución de 11 de marzo de 2020 (BOCM de 24 de marzo) y Resolución de 20 de enero de 2021 (BOCM de 26 de enero) de la Dirección General de Recursos Humanos

Especialidad: GALLEGO

Tercera parte
Parte A-Prueba práctica

Proba práctica – Parte A – 3ª parte	Duración	Puntuación
3. Tradución directa e inversa	50 minutos	2 puntos

TRADUCCIÓN DIRECTA (SEN DICCIONARIO)

Xa podía caerme polas rúas dos viños e tomar o taco das once. En lugar diso volvíñ polo fotingo e, coa ficha do detido na faldriqueira, arranquei cara á Ponte. Na cima do Vinteún pensei en virar e volver ó rego, pero amolábame a confianza do badoco nos Citranos e Menganos que o respaldaban, así que conducín ata as choupanas de

5 Wichita. Nas rúas estreitas, por entre as casas escalazadas, inzaban os rapaces. Un enxame de rapaces que axiña zunía arredor do meu Delfín.

- Coidadiño con amolegarme o coche.

Os rapaces son coma as churras, de primeiras fanse os asustadizos e logo non hai quen os torne. O Morocho vivía cos seus pais e estes andaban no vertedeiro

10 municipal. Quedaba a un paso, e fun procuralos a pé, seguindo un camiño entre viñas. Anque corría o mes de Santiago, pintaban xa as uvas. Na fochanca ourensá, as sestas adoecidas do verán obran eses prodixios. Cortei un cangallo que me tentaba cos seus bagos tenros, de pel transparente, e apurei o paso para fuxir das avespas golosas, empeñadas en disputarme o acio. De seguida notei o cheiro do lixo,

15 acugulado en enorme morea pola que gaveaba unha nube de escaravellos humanos, que extraían o sustento daquela esterçada. O choio consistía en apañar pitiños nados dos ovos derramados, atirados polas granxas, e chocados ó calor do descomunal incubador de lixo fermentado. Atueime ata os xoellos no estrume, para chegar onde traballaban, e faleilles ben, con llaneza e simpatía, pero ninguén

20 contestou ó saudo.

Iglesias, Bieito (2002). *Miss Ourense*. La voz de Galicia (Biblioteca 120 Galega) (Páxs. 17-19).
 Texto acurtado.

TRADUCCIÓN INVERSA (SEN DICIONARIO)

Tan o más fatigoso que la incomodidad, el cabreo y el riesgo que genera O Fiouco para los usuarios de la A-8, es la empalagosa matraca de los remedios extravagantes, espectrales o virtuales, siempre en fase de estudio desde hace años, para espantar la niebla, que al parecer se resiste a que se le ahuyente con chorradas lumínicas, inverosímiles sistemas de aspiración o enrevesados túneles, abiertos por el techo donde se crearía un microclima que impida colar la desapacible viruxe del Padornelo, la que los **cerebros** diseñadores del trazado viario no olieron, en vez de planificar en serio otro itinerario con garantías de funcionalidad. Pero como la solución va para largo o para nunca, la proyección del disparate, consumado, alcanza más allá del tramo maldito, tal es el caso de la vieja N-634 entre Abadín y Mondoñedo, que ha de asumir el considerable tráfico rodado, en doble sentido, cuando la niebla o el viento cierran la autovía, con el natural deterioro del firme, hasta convertirlo en un trayecto escarchado de baches, muy peligroso por ser, además, un tramo plagado de curvas. El PP acaba de instar al Gobierno para que lo repare, al ser la alternativa viaria que canaliza la densa circulación desde el centro de Galicia hacia el norte, y viceversa. Ni caso, se verá.

Fonte: [O Fiouco - Manuel López Castro - El Progreso de Lugo: Periódico líder de Lugo y su Provincia](#)

(15 de marzo de 2021)